



PROXECTO DE ACORDO ENTRE A ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS PRESENTES NA MESA SECTORIAL DE XUSTIZA SOBRE A MODIFICACIÓN DAS RETRIBUCIÓNS DO POSTO DE XESTOR/A PROCESUAL SECRETARIOS/AS XULGADOS DE PAZ (IV-D), PARA OS EFECTOS DE RETRIBUÍR, NUN PUNTO ADICIONAL, O DESEMPEÑO DAS FUNCIÓNS DE SECRETARÍA NOS XULGADOS DE PAZ

Mediante o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro (BOE núm. 303, do 17.12.1996), traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e os servizos que, dentro do territorio de Galicia, desempeñaba a Administración do Estado sobre o persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O réxime retributivo do persoal ao servizo da Administración de xustiza está regulado no título VI do libro VI da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), que diferencia conceptos salariais de determinación estatal (soldo, trienios, complemento xeral do posto, complemento de garda) e conceptos salariais de determinación autonómica (complemento específico, a produtividade e gratificacións por servizos extraordinarios).

O Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, polo que se determinan os postos tipo das unidades que integran as oficinas xudiciais e outros servizos non xurisdicionais e as súas correspondentes valoracións, para efectos do complemento xeral de posto dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, supón un cambio no réxime retributivo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza e, aínda que derroga o Real Decreto 1909/2000, do 24 de novembro, polo que se fixa o complemento de destino dos funcionarios dos Corpos de Médicos Forenses, Técnicos Facultativos do Instituto de Toxicoloxía, Oficiais, Auxiliares e Axentes da Administración de Xustiza, Técnicos Especialistas, Auxiliares de Laboratorio do Instituto de Toxicoloxía e Axentes de Laboratorio a extinguir do Instituto de Toxicoloxía, mantén a súa aplicación transitoria ao establecer no apartado 1 da Disposición Transitoria Única que continuaría vixente mentres non se produzan os procesos de acoplamento e nomeamento dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza incluídos no seu ámbito de aplicación, para desempeñar postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo aprobadas conforme ao disposto na Lei Orgánica 19/2003, do 23 de decembro.

Posteriormente, o Tribunal Supremo anula e deixa sen efecto o devandito apartado 1 da Disposición Transitoria Única na súa sentenza do 17 de xullo de 2009 ditada pola Sección 7ª da Sala do Contencioso Administrativo no recurso número 164/2007, ao entender que é contrario a dereito.

Con data 15 de febreiro de 2017, a Sección Primeira da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza dita a Sentenza 72/2017, no recurso de apelación 294/2016, que reafirma a tese da sentenza do Tribunal Supremo e conclúe a existencia dun dobre sistema retributivo, en aplicación do cal, se recoñece o dereito da persoa recorrente a percepción de 1 punto adicional en concepto de complemento xeral do posto por tratarse de persoal funcionario do corpo de oficiais que desempeña unha Secretaría de Xulgado de Paz con nomeamento expedido ao efecto.

A vista do exposto, debido as reiteradas sentenzas nas que se lles recoñece o dereito a percepción deste punto adicional en concepto de complemento xeral do posto ao persoal que ocupa o posto de xestor/a procesual secretarios/as Xulgados de Paz (IV-D) e que desempeña funcións de secretario/a nos Xulgados de Paz, e toda vez que a Comunidade Autónoma non ten competencia



para fixar a contía deste complemento, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais representativas do persoal ao servizo da Administración de xustiza, no marco da mesa sectorial de negociación deste colectivo, negociaron a modificación das retribucións do posto de xestor/a procesual secretarios/as Xulgados de Paz (IV-D) , chegando ao seguinte

#### ACORDO

1. Modificar as retribucións asignadas ao posto de *Xestor/a procesual secretarios/as xulgados de paz (IV-D)* para os efectos de retribuír, nun punto adicional (28,62 € mensuais), o desempeño das funcións de secretaría nos Xulgados de Paz por parte do persoal que ocupe o devandito o posto.
  2. Este punto adicional percibirase en 12 mensualidades e seranlle de aplicación as actualizacións previstas nas leis de orzamentos xerais do Estado para as retribucións complementarias do persoal ao servizo da Administración de xustiza.
  3. A percepción deste punto adicional manterase mentres non se produzan os procesos de integración dos funcionarios nas relacións de postos de traballo aprobadas conforme o disposto na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.
  4. A presente modificación afectara a aquel persoal que, nos 5 anos anteriores a data e entrada en vigor deste acordo, ocupase o posto de *Xestor/a procesual secretarios/as Xulgados de Paz (IV-D)* nun Xulgado de Paz da Comunidade Autónoma de Galicia e desempeñase as funcións de secretaría.
- Para o pagamento dos atrasos terase en conta o valor do punto establecido para cada anualidade e será proporcional ao tempo de servizos efectivamente prestados no posto.
5. O exposto neste acordo non lle será de aplicación ao persoal que percibise a liquidación correspondente en virtude de execución de resolución xudicial firme ou por calquera outra causa.
  6. Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.